



Reposición do convenio QUEREMOS DESCANSAR

Van xa tres anos dende que a maioría do PP no Parlamento aprobara a *Lei de medidas temporais no emprego de Galiza*. Aquela lei publicada en marzo do 2012 supuxo: a perda do dereito a cobrar o 100% das retribucións en situación de incapacidade temporal, a eliminación do Fondo de Acción Social (quedando tan só a axuda por persoa con discapacidade a cargo), a desaparición de días de asuntos propios, e a supresión do artigo 19 do V Convenio Colectivo.

Se a Lei de medidas incidiu negativamente en todas as empregadas e empregados públicos, foi especialmente daniña, física e siquicamente, para o persoal que traballa en servizos con atención as 24 horas do día, os 365 días do ano, pois minguanon as horas de descanso.

Dende a publicación da Lei de medidas as mobilizacións, con orgullo, foron unha constante destacando accións como: a marcha dende o Gaias a San Caetano, o arrodeamento do Edificio da Xunta en Compostela, a grande manifestación do 14 de abril dende a residencia Volta do Castro ata San Caetano; mobilizacións que foron acompañadas das protestas do día a día nos centros de traballo.

O malestar das traballadoras e traballadores tiveron unha mínima resposta da Consellaría, cunha oferta de incremento de postos de traballo, a maioría contratos en precario, de fin de semana, que non resolven para nada as nosas reivindicacións:

- ☞ Garantir dous días de descanso ininterrompidos.
- ☞ Un domingo ou un festivo inhabilita a traballar o seguinte.
- ☞ Quendas máximas de cinco días ou dúas noites consecutivos.
- ☞ Consideración dos días 24 e 31 de decembro como festivos.
- ☞ Eliminación de axuste das carteleiras ao mínimo de 1.665 horas anuais.

Dende o 2012 tivemos xuntanzas con todos os grupos parlamentares para presentarlles as consecuencias negativas da suspensión do artigo 19 do convenio. Todos os grupos, agás o PP, asumiron as nosas reclamacións e presentaron emendas para a devolución dos artigos suspendidos.

O 26 de maio deste ano, o Comité Intercentros xunto aos responsábeis das organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación de Empregados Públicos, instamos do Conselleiro de Facenda á rever-



21/06/2012. Cadea humana en San Caetano. Traballadoras e traballadores da Xunta de Galiza rodeaban o edificio administrativo da Xunta formando unha cadea humana. A mobilización insírese na campaña contra os recortes de dereitos consecuencia da aplicación da lei de medidas para o emprego público.

sión dos artigos suspendidos pola Lei de medidas e a derogación da disposición adicional decimo cuarta da *Lei 1/2014 de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galiza* pola que se suspendeu o artigo 19 e o punto 3.3.8 do acordo polo que se establecen as condicións especiais de traballo do persoal ao servizo de prevención e defensa contra incendios forestais.

Ao Presidente da Xunta, que tanto se gaba da mellora dos indicadores económicos de Galiza, pedíuselle a derogación da Lei de medidas e o cese da Conselleira de Traballo e Benestar.

Se o señor Núñez Feijoo vende na prensa que a economía vai tan ben, esixímoslle a derogación da Lei de medidas e a reposición dos dereitos roubados. **Queremos descansar!**



11/05/2012. Marcha Gaiás-San Caetano. Traballo está a suprimir centos de postos de traballo. O Comité Intercentros e os catro comités provinciais organizaron unha marcha dende a Cidade da Cultura (máximo símbolo do despilfarro), até o edificio administrativo de San Caetano (máximo símbolo da incompetencia).

SINISTRABILIDADE E DESTRUCCIÓN DE EMPREGO PÚBLICO

A Xunta minte cando manifesta que os recortes non incrementan a sinistrabilidade e que non se destruíu emprego público

O Director Xeral da Función Pública manifestou fai uns días en sede parlamentaria que por mor dos recortes sufridos co Goberno do Partido Popular non se incrementou o número de sinistros nin se destruíu emprego público. Pois ben, dende a CIG-Autónomica queremos rexeitar estas afirmacións con datos que demostran que o Partido Popular falta a verdade cando fai estas manifestacións.

No derradeiro ano 2014, o 45% dos accidentes laborais e das baixas por enfermidade profesional foron na Consellería de Traballo e Benestar e máis concretamente na área de benestar e, diste 45%, foron baixas por sobre esforzo o 85%. A maiores destes datos, as categorías máis afectadas, nunha porcentaxe que chega a máis do 90%, afecta as categorías de atención directa ao usuario, é dicir, Auxiliares de Clínica, Coidadores/as e Camareiros/as-Limpadores/as. Estes datos de tan alta sinistralidade laboral directamente relacionados cos sobre esforzos veñen dados pola min-

gua de efectivos nun número moi elevado. É neste punto onde o Director Xeral da Función Pública do Partido Popular volve a faltar a verdade cando manifesta que non se diminuíu o número de efectivos de atención directa ao usuario na área de benestar, senón que, máis alá, incluso se aumentou. Pois ben, a Lei 1/2012 de medidas no sector público marca como obxectivo a redución do 15% do capítulo I dos Orzamentos da Comunidade Autónoma, o que se traduce no 15% de redución do número de persoal na área de benestar da Consellería de Traballo, isto é, en 600 traballadores/as a través de amortizacións e da non cobertura de xubilacións, algo que obvia o D.X.

Pero non só este número de efectivos diminuíu, senón que no ano 2011 estaban a traballar máis de 800 persoas en acumulación de tarefas, é dicir, 800 efectivos máis que se reducen, algo que non dí o D.X. e que suman



Concentración diante do CRAPD de Vigo, pola reposición do artigo 19.

unha mingua de traballadores/as na área de benestar da Consellería de Traballo de máis de 1400 traballadores/as. Estes son os datos reais da situación que están a sufrir os traballadores e traballadoras da Consellería de Traballo e Benestar.

A CIG esixe a reposición de todo o Convenio Colectivo suspendido unilateralmente polo Partido Popular e, en especial, o artigo 19 de dito convenio.

RESIDENCIA TEMPO LIBRE DE PATOS

Seguindo protocolos franquistas, a Residencia de tempo libre de Patos funcionaba como hotel no verán; o resto do ano tiña uns programas de permanencia de grupos e intercambios. En total eran uns 10 meses de actividade ao ano.

Pero eses foron outros tempos, a actividade foi a menos e as instalacións sufriron un importante deterioro por falta de inversións. Falamos coa xefa territorial de Traballo,

quen prometera buscar carga de traballo para seis meses neste ano. Pero a realidade é que van traballar pouco máis de tres meses.

Levamos moito tempo presionando á Consellaría de Traballo e Benestar para dotar de plena carga de traballo os centros de O Carballiño e o de Patos sen que, ata o de agora, obtivésemos resultado algún. As propostas que fixemos pasan polo establecemento de convenios de colaboración coas distintas administracións autonómicas, deputacións e entidades cara á utilización destas residencias para desenvolver programas educativos, de lecer, xornadas..., convenios que hai que dotar economicamente para facilitar o traslado (por exemplo, algún colexio do interior da Galiza ou da meseta que



29/04/2014. Concentración diante da Residencia de Marín

veña a desenvolver algún programa para coñecer o mar e integralo no seu currículo formativo, ve dificultado o seu acceso polo oneroso da viaxe e da estancia).

Xa é tempo de rematar coa precariedade dos postos de traballo, fixos descontinuos, ocupados maioritariamente por persoal temporal, que veñen traballando non máis de catro meses cada ano. A directora xeral de familia, a xefa territorial de traballo e benestar e a delegada territorial de Vigo teñen unha responsabilidade evidente; a súa incompetencia non pode resultarles de balde polo que chamamos a súa dimisión.



Concentración diante do CAPD de Chapela, pola reposición do artigo 19

ESCALAS DE SERVIZOS SOCIAIS

O 4/5/2015 publicouse no DOG a *Lei 2/2015 do emprego público de Galiza*, a nova lei que substitúe á *Lei da función pública*. Entre as novidades, a lei crea as “escalas de servizos sociais” dos corpos de Administración especial (disposición adicional novena), que afectan a determinadas categorías dos grupos I, II e III do persoal laboral da consellería de Traballo e Benestar.

Estas son as escalas e especialidades creadas pola nova lei (LEPG):

1. No corpo facultativo superior, subgrupo A1, crea a escala de facultativos de servizos sociais, especialidades de medicina, psicoloxía e pedagogía.
2. No corpo facultativo de grao medio, subgrupo A2, crea a escala de técnicos facultativos de servizos sociais, especialidades de enfermía, educador, fisioterapia, logopedia, traballo social, e terapia ocupacional.
3. No corpo de técnicos facultativos, grupo B, crea a escala de axentes técnicos facultativos de servizos sociais, especialidades de xardín de infancia, e animación sociocultural.

A decisión do Parlamento de crear estas escalas enceta un período de tempo cheo de incerteza:

* A funcionarización do persoal laboral fixo afectado deberá pasar pola participación nun proceso de oposición libre sen que se lle aplique a disposición transitoria primeira da LEPG por non ocupar posto da RPT de funcionarios antes da entrada en vigor do EBEP.

* A disposición transitoria segunda da LEPG indica que o persoal laboral fixo que no momento da entrada en vigor desempeña postos de traballo de prestación directa de servizos sociais e protección da infancia poderá seguir a desempeñalos.

* Se o concurso de traslados de persoal laborais puidese estar convocado para despois do verán, poderán participar nel as persoas das categorías afectadas pola creación das escalas? Entendemos que si.

* A funcionarización impide o chamamento a través das actuais listas de contratación temporal para as substitucións, vacantes, xubilacións parciais anticipadas, agás que se modifique o decreto de listas e se produza un transvase de listas de persoal laboral a funcionario.

* Moitos dos postos de traballo son da RPT de consolidación, principalmente da primeira parte vía concurso de méritos, polo que os mesmos desaparecerán se non se desenvolve o proceso de consolidación antes da transformación dos postos ás escalas.

* A moitas categorías de persoal laboral (por exemplo, auxiliares de enfermía), se lles anula a posibilidade de promoción interna ao desaparecer tantas categorías laborais de grupos superiores.

* O persoal laboral fixo que non participe no proceso continuará desempeñando o posto sen posibilidade de concurso de traslados nin promoción.

En canto aos prazos, asegurou o Director da Función Pública que en xuño do 2015 retomarán o tema da reestruturación das categorías laborais, e que o referente ás escalas de servizos sociais estaría vinculado a un acordo global da reestruturación das categorías.

A creación das escalas de servizos sociais foi unha ocorrencia do PP aprobada polo Parlamento. Esperemos que en todo o proceso que desencadea se senten a falar, en condicións, cos representantes elixidos/as polos traballadores e traballadoras.

Outras Novas

Oposicións e concursos:

- **Promoción interna corpos xerais:** teñen intención de aprobala na primeira quincena de xuño. Os sindicatos presentamos alegacións conxuntas e rolda de prensa, por estar disconformes co modelo da Administración.

- **Oposicións corpos xerais-libre (A1/A2/C1/C2):** prevén aprobalo na primeira quincena de xuño.

- **Oposicións veterinarios:** intencións de aprobar o programa en xuño. Primeiro exercicio non antes de abril de 2016.

- **Oposicións gardacostas:** non prevén convocalo este ano, pero xa se verá.

- **Oposicións arquitectos e inspectores urbanísticos:** pendentes de confirmar se a elección de destino se puidese facer en xuño ou queda para setembro.

- **Concurso persoal laboral:** intencións de deixalo para despois do verán.

- **Concurso administración especial:** o director de función pública da a entender que quedaría para outono.

- **Concurso veterinarios:** podería entrar en Mesa Xeral antes do verán, e convocatoria en setembro.

- **Concurso Lei 17:** manteñen que vai saír, e que o negociarán nos dous ámbitos (administración e sanidade). Estamos dispostos a promover demandas xudiciais, ben como sindicatos, ben como xuntas de persoal, ben individuais, pois temos a representación dos traballadores e traballadoras e non estamos dispostos a que nola furtan.

Categorías laborais: en xuño retomarán a reestruturación das categorías.

RPT Traballo (persoal laboral): intencións de aprobala en xuño e cubrir as prazas de nova creación antes do verán.

Comisión de seguimento veterinarios: solicitamos novamente, esta vez na Mesa Xeral, a convocatoria da comisión de seguimento.

Novo decreto de listas: comprométese a que teñamos un novo decreto antes do verán. Estamos pendentes do borrador para estudo.



14/04/2015. Manifestación en Compostela pola reposición do artigo 19.

ELECCIÓN AO COMITÉ DE EMPRESA DE TRABALLO E BENESTAR

0 18 de xuño, Vota CIG

Candidatura da CIG para o Colexio de Especialistas e non Cualificados

1. María Placer Vila Rodríguez	CAPD Chapela	33. Estrela Ríos Paredes	E.I. Cabral
2. Uxío Zabala Iglesias	CAPD Chapela	34. Mª José Guedes Durán	CAPD Chapela
3. Bernardina Porral Mosquera	CAPD Chapela	35. María Lourdes Miguelez Pérez	CAPD Chapela
4. Mercedes Pacheco Gándara	Residencia Maiores Marín	36. Purificación Lorenzo Collazo	CRAPD Vigo
5. María Carmen Medina Herrera	CRAPD Vigo	37. Fernando Ferro Domínguez	CAPD Chapela
6. Mª Soledad Martínez Martínez	Residencia Tempo Libre Patos	38. Begoña López Acosta	CRAPD Vigo
7. Mª Teresa Beade Carballo	CAPD Chapela	39. Obdulia Salinas Martínez	Casa do Mar de Vigo
8. Xosé Lois Pena Buceta	Centro Ocupacional O Saíar	40. Raquel González Gil	CRAPD Chapela
9. Jorge Romero Lijo	Centro Sociocomunitario Vilaxoán	41. Elsa Durán Fraguas	E.I. Bouzas
10. Montserrat Pedreira González	CAPD Chapela	42. Mónica Barros Barros	CAPD Chapela
11. Germán Varela Lago	Centro Sociocomunitario Calvario	43. Mª José Sánchez Bravo Cuesta	CAPD Chapela
12. José Fernández Martínez	CAPD Chapela	44. Mª Luisa Puentes Italiani	CAPD Chapela
13. Clemencia Pérez Alonso	CAPD Chapela	45. Mª Heliadora Morales Domínguez	CAPD Chapela
14. Begoña Riveiro Martínez	Residencia Maiores Marín	46. Florinda Rodríguez Casal	CAPD Chapela
15. Rosa María Chantada Abollo	CAPD Chapela	47. Isaura Méndez Martínez	CRAPD Vigo
16. Rosa Ana Campos Lago	E.I. Cabral	48. Emma Leyenda Leyenda	CAPD Chapela
17. Mª Carmen Costas Soto	Xefatura Territorial Vigo	49. Mª Luz Castro Pereira	CRAPD Vigo
18. Mª Josefa Rivero Fernández	CRAPD Vigo	50. Mª Carmen Castro Méndez	Residencia Maiores Campolongo
19. Carmen González Fernández	Residencia Maiores Marín	51. Mª Ángeles Mariño Vila	CRAPD Vigo
20. Mª Carmen Prieto Vigo	Residencia Maiores A Estrada	52. Montserrat Da Silva Dos Santos	CRAPD Vigo
21. Celsa Costa González	CAPD Chapela	53. Mª Concepción Fernández Chao	CRAPD Vigo
22. Mª Carmen Leirós Fernández	CRAPD Vigo	54. Ermitas Álvarez Castro	CRAPD Vigo
23. Rodrigo Álvaro Giménez Lago	CAPD Chapela	55. Mª Esther Cabaleiro González	E.I. Redondela
24. Inés Rey Rodríguez	Residencia Maiores A Estrada	56. Ana Mª Moares Núñez	CRAPD Vigo
25. Mª Pilar Posada Barros	Residencia Xuvenil Altamar	57. Pilar Vila Burgo	CRAPD Vigo
26. Beatriz Novoa Abalde	CAPD Chapela	58. Josefa Caneiro Rodríguez	CAPD Chapela
27. Mª Carmen Rodríguez Vázquez	CAPD Chapela	59. Filomena Ferverza Mateo	CAPD Chapela
28. Mª Pilar Blanco Alonso	CAPD Chapela	60. Javier García Bouzas	Residencia Maiores A Estrada
29. Domingo Antonio Dumas Rouco	CAPD Chapela	61. Concepción Méndez Alonso	Centro Ocupacional O Saíar
30. Ricardo Barreiro Rivas	E.I. Redondela	62. Mª José Fernández Arrizabaldo	CAPD Chapela
31. María Marcelina Méndez Sánchez	CAPD Chapela	63. Rosina Rodríguez Rodríguez	CAPD Chapela
32. Carmen Folgar Leins	CRAPD Vigo	64. Isabel Dacuña González	Centro Sociocomunitario Tui

Candidatura da CIG para o Colexio de Técnicos

1. Rodolfo Docampo Abalde	Xefatura Territorial Vigo	15. Rosa Mª Pérez Solleiro	E.I. Coia
2. Cristina Liboreiro Pérez	CAPD Chapela	16. Laura Fernández Iglesias	CAPD Chapela
3. Paz Rey Docampo	EVO Pontevedra	17. Soledad Fernández Reyes	E.I. Relfas
4. Mª Estrella Pampillón Sánchez	CAPD Chapela	18. Cristina Calvo Redondo	Centro Ocupacional O Saíar
5. Annabel Domínguez Carballo	O.E. Porriño	19. Eulalia Fernández Hermida	O.E. Navia
6. Eladio Varela Martínez	CAPD Chapela	20. Angeles Alonso Lastra	Centro Ocupacional O Saíar
7. Casilda Marchena Martínez	EVO Pontevedra	21. Mª Rosa Marcos Marcos	Xefatura Territorial Vigo
8. Mª Asunción Tizón Collazo	CAPD Chapela	22. Mª Benita Escobar Vidal	CAPD Chapela
9. Mª Eugenia de la Torre Malvido	Xefatura Territorial Vigo	23. Mª Dolores Toral Failde	CAPD Chapela
10. Julio Otero Abalde	CAPD Chapela	24. Aurora Vecino Merillas	CRAPD VIGO
11. Ana Carid González	CRAPD Vigo	25. Mª Isabel Bouzada Dieguez	Residencia Maiores A Estrada
12. Miguel Ángel Alcalá Sánchez	CAPD Chapela	26. José Carlos Novoa Seijo	Xefatura Territorial Vigo
13. Manuel Álvarez Fernández	Xefatura Territorial Vigo	27. Dolores González Chamadoira	Xefatura Territorial Vigo
14. Beatriz Martínez Costas	CAPD Chapela		

MESAS DE VOTACIÓN E HORARIOS

Horario de votación: de 8:00 a 17:30 horas

Mesas de votación

1. Mesa Edificio Administrativo de Vigo
2. Mesa CRAPD Vigo 1 (Asistida)
3. Mesa CAPD Chapela
4. Residencia de Maiores de Campolongo
5. Residencia de Maiores de A Estrada

En todas elas haberá mesa tanto de Técnicos como de Especialistas.



Manifestación en Compostela convocada polo Comité Intercentros, pola reposición do Convenio